

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 22/12/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Lista de non asistentes

PAOLA MARIA MOCHALES

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 22/12/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 15- de decembro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/4925

Visto o escrito de D. Baltasar Amo Busto, solicitando autorización para instalar un posto de venda de churros o día 5 de xaneiro de 2026 en Praza Ravella, con motivo da Cabalgata de Reis. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado.

A presente autorización concedese condicionada ao seguinte:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/5005

Visto o informe - proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Peycar Pontevedra SL para o subministro e dotación de uniformidade, botas e material policial, por un importe total de 4.999,72 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22104.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/5019

Dáse conta do escrito remitido pola Consellería de Facenda e Administración Pública solicitando para o ano 2026 a cesión temporal do dereito de uso do local de 266 m² localizado na Avda. Matosinhos nº 1 (edificio Matosinhos) para continuar coa prestación dos Servizos de Inspección e

Saúde Pública da Comarca de Vialgarcía de Arousa.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a cesión de uso temporal do local de referencia por un ano á citada Consellería, prorrogable por anualidades, con efectos dende o 01 de xaneiro de 2026, ata o 31 de decembro de 2026.

Dende o 1 de xaneiro de 2026, o Concello asumirá os gastos do inmovible de referencia relativos a electricidade, limpeza, gas e auga, e tendo en conta que as instalacións localizadas na Avda. Matosinhos nº 1 contan cunha superficie total construída de 878 m², e que o local obxecto da cesión dispón de 266 m², a Consellería de Facenda e Administración Pública deberá proceder ao aboamento do 30,30% do importe total das facturas de electricidade, limpeza, gas e auga, realizando o pagamento a modo de reintegro do gasto real que será acreditado polo Concello mediante a remisión das facturas, con xustificación do seu pagamento.

Posteriormente procederase a aprobar o documento administrativo de aceptación da prórroga para o ano 2026.

PRP2025/5020

Dáse conta de publicación no DOG nº 243, de 17 de decembro de 2025, da Resolución de Augas de Galicia, de 9 de decembro de 2025, pola que se da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 3 de novembro de 2025, polo que se aproban as aglomeracións urbanas en Galicia para a xestión dos sistemas de saneamento e depuración da Comunidade Autónoma de Galicia e se dispón a publicación de ditas aglomeracións urbanas no Rexistro de Aglomeracións Urbanas creado pola Lei 1/2022, de 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora da aglomeración urbana de Vilagarcía de Arousa.

RECURSOS HUMANOS

PRP2025/4926

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 30 de novembro de 2025, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
TOTAL		7.700,00 €		

PRP2025/4927

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 30 de novembro de 2025, por un importe total de 8.100,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIÓNS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	
D. CARLOS COIRA LOJO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	50,00 €	1.100,00 €

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	1.000,00 €
Dª LUZ MARIA ABALO PÉREZ	4	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	850,00 €
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO	5	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	50,00 €	1.100,00 €
D. JUAN ANDRES BAYON ROLO	1	x 150,00 €	1	x 125,00 €	1	x 50,00 €	325,00 €
Dª Mª ELENA SUAREZ SARMIENTO	1	x 150,00 €	1	x 125,00 €	---	x 50,00 €	275,00 €
D. JESUS REY RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ	1	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	150,00 €
Dª MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	1	x 50,00 €	450,00 €
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. JULIO VARELA CARDALDA	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	---	x 50,00 €	400,00 €
D. FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ PAZ	1	x 150,00 €	0	x 125,00 €	3	x 50,00 €	300,00 €
Dª ROSA Mª ABUIN RODRIGUEZ	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	2	x 50,00 €	500,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 150,00 €	2	x 125,00 €	0	x 50,00 €	400,00 €
T O T A L							8.100,00 €

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/5006

Visto o informe da Coordinadora de Servizos Sociais.

Fiscalizado o expediente pola Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAU: G15924558 por importe de 3.000,00 € en relación ao convenio asinado coa entidade como subvención nominativa da anualidade 2025, con cargo ás partidas 231-48002 por importe de 1.500 € e 320-48002 por importe de 1.500 €.

PRP2025/5007

Visto o informe da Coordinadora de Servizos Sociais.

Fiscalizado o expediente pola Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de ASOCIACION LAR PRO SALUD MENTAL CIF: G36119253 por importe de 3.000,00 € en relación ao convenio asinado coa entidade como subvención nominativa da anualidade 2025, con cargo á partida 231.48002.

PRP2025/5008

Visto o informe da Coordinadora de Servizos Sociais.

Fiscalizado o expediente pola Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de ASOCIACION AREVA, CIF: G36484616 por importe de 1.500,00 € en relación ao convenio asinado coa entidade como subvención nominativa da anualidade 2025, con cargo á partida 231.48002.

PRP2025/5009

Visto o informe da Coordinadora de Servizos Sociais.

Fiscalizado o expediente pola Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de ALCER, CIF: G94096088 por importe de 500,00 € en relación ao convenio asinado coa entidade como subvención nominativa da anualidade 2025 e aprobado en Xunta de Goberno Local do 21/07/2025, con cargo á partida: 231 48002.

PRP2025/5010

Visto o informe da Coordinadora de Servizos Sociais.

Fiscalizado o expediente pola Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor de FUNDACION ACCION CONTRA EL HAMBRE, CIF: G81164105 por importe de 17.000,00 € en relación ao convenio asinado coa entidade como subvención nominativa da anualidade 2025 e aprobado en Xunta de Goberno Local de 21/07/2025, con cargo á partida 231.48002.

EMPREGO

PRP2025/4923

No BOPPO de 18 de agosto de 2025, publicouse A CONVOCATORIA DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA CONCELLO DE VILAGARCÍA 2025. A convocatoria doutouse cun orzamento de 60.000 Euros, con cargo á partida orzamentaria 241-470.

A Base décimo cuarta da convocatoria establece:

BASE DÉCIMO CUARTA. FINANCIAMENTO

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 241-470 Fomento de empresas – “subvencións para o fomento do emprego” do orzamento municipal vixente cun importe total de 60.000 €.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes o 15 de outubro de 2025, ó longo da súa vixencia foron presentadas na Concellería de Promoción Económica 12 solicitudes das que 11 foron concedidas nas contías que se indican no cadro adxunto e 1 foi denegada por non cumprir a entidade solicitante os requisitos exixidos para ser beneficiario

Á data do presente informe, todos os expedientes están resoltos ou informados e o importe total das axudas concedidas no presente exercicio ascende a 38.500,00 EUROS, segundo se especifica no cadro seguinte, restando, por tanto un remanente na partida, 21.500,00 €.

Cód. expediente	DNI/CIF	NOME/RAZÓN SOCIAL	CONTÍA CONCEDIDA
PROMECON/2025/000053	35600858D	DIANA PAOLA MUÑOZ GIRALDO	3.000,00
PROMECON/2025/000050	35600334Z	TAMARA ARGIBAY RODRIGUEZ RODRÍGUEZ	3.000,00
PROMECON/2025/000046	G36121861	ORG. EMPRESARIAL PARQUISTAS DE CARRIL	DENEGADA
PROMECON/2025/000045	35454423S	FUENSANTA PORTAS VAZQUEZ	3.000,00
PROMECON/2025/000044	A28325264	THUNE EUREKA SA	5.000,00
PROMECON/2025/000043	B36458685	EUREKA GLOBAL SL	6.000,00
PROMECON/2025/000042	J94180411	OBRADOIRO XURIDICO A XESTION SOCIEDAD CIVIL PROFESIONAL	3.000,00
PROMECON/2025/000040	B36596641	MF ASESORES CONSULTING INTEGRAL VILLAGARCIA SL	3.000,00
PROMECON/2025/000036	B36397578	INFORMACION DIRECTA SL	1.500,00
PROMECON/2025/000033	B94152766	FASTER CCK AUTOS SOCIEDAD LIMITADA	3.000,00
PROMECON/2025/000032	B13948146	VEIGA DA LUIRA SOCIEDAD LIMITADA	3.000,00
PROMECON/2025/000027	B36397578	INFORMACION DIRECTA SL	5.000,00
TOTAL AXUDAS CONCEDIDAS 2025			38.500,00
REMANENTE NA PARTIDA			21.500,00

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o peche da convocatoria do Programa de Axudas á Contratación por conta Allea-Concello de Vilagarcía 2025, cos resultados de seguimento especificados.

Os beneficiarios e axudas concedidas foron publicadas na Base de Datos Nacional de Subvención aos efectos da súa publicidade.

PRP2025/4924

No BOPPO de 18 de agosto de 2025, publicáronse as bases de axudas á creación de empresas Concello de Vilagarcía para o exercicio 2025. A convocatoria dotouse cun orzamento de 60.000 €

con cargo á partida orzamentaria 241-470, establecéndose unha axuda máxima de 2.500€ por empresa, correspondente á metade dos gastos correntes de inicio da actividade.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, ó longo da súa vixencia foron presentadas na Concellería de Promoción Económica 20 solicitudes de axuda, das que 18 foron concedidas e dúas foron denegadas por non cumpriren os solicitantes os requisitos para seren beneficiarios da axuda ao non poder ser consideradas empresas de nova creación

Revisados e resoltos todos os expedientes de solicitude, a contía total de axudas concedidas ascende a 39.253,57 €, restando na partida orzamentaria un remanente de 20.746,43 € segundo a distribución que se especifica no seguinte cadro:

Nº SOLICITUDE	CODIGO EXPEDIENTE	NIF	NOMBRE/APELLIDOS O RAZON SOCIAL	AXUDA APROBADA
1	PROMECON/2025/000028	Y5037647V	XIAOWEI WU	2.500,00 €
2	PROMECON/2025/000030	35600334Z	TAMARA ARGIBAY RODRIGUEZ	2.500,00 €
3	PROMECON/2025/000031	35467760N	ARANZAZU CASTIÑEIRAS BOQUETE	2.500,00 €
4	PROMECON/2025/000034	B21710173	GELMAC GROUP SL	0,00 €
5	PROMECON/2025/000035	J75533877	HOSTELVEN SOCIEDAD CIVIL	2.500,00 €
6	PROMECON/2025/000037	53303828V	ANTONIO-FRANCISCO CASTELO SANCHEZ	2.500,00 €
7	PROMECON/2025/000038	46914101N	ANDRES MANUEL POMBO CARRIL	2.141,50 €
8	PROMECON/2025/000039	B22577563	GRUPA LUNA DI NAPOLI SL	2.500,00 €
9	PROMECON/2025/000041	35473861H	MILAGROS DIZ ROMA	2.309,85 €
10	PROMECON/2025/000047	35598524K	TITA GOMEZ GONZALEZ	2.214,72 €
11	PROMECON/2025/000048	B19407196	B. M. REDONDO PORTO SL_	2.500,00 €
12	PROMECON/2025/000049	35478205S	Mª DE LOS ANGELES MELLA MAGARIÑOS	1.857,11 €
13	PROMECON/2025/000051	35460393M	ANA BELEN RUBIANES FONTAN	2.500,00 €
14	PROMECON/2025/000052	B21992078	OMEGA SEGUR SL	0,00 €
15	PROMECON/2025/000054	E75933077	LA OFICINA E.S.P.J.	1.543,62 €
16	PROMECON/2025/000057	53187303X	BORJA COSTAS DICHA	1.509,9€
17	PROMECON/2025/000059	11192621Q	ISAMAR CAROLINA GANDARA GOTO	805,50 €
18	PROMECON/2025/000064	Y8519009F	YINEIRI COROMOTO FRANCO CABRERA	2.500,00 €
19	PROMECON/2025/000070	35599800D	CESAR GARCIA PADIN	2.500,00 €
20	PROMECON/2025/000068	50209158C	SILVIA GONZALEZ PEDRAZA	881,27 €
			IMPORTE TOTAL AXUDAS	38.263,47 €
	Remanente Partida			
	21.736,53 €		ORZAMENTO DA PARTIDA MPAL_2025:	60.000,00 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o peche da convocatoria do Programa de Axudas á Creación de empresas Concello de Vilagarcía 2025, cos resultados de seguimento especificados. Os beneficiarios e axudas concedidas foron publicadas na Base de Datos Nacional de Subvención aos efectos da súa publicidade.

PRP2025/4968

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de decembro de 2025, de aprobación do gasto para a Aldea de Nadal 2025, para a contratación de ELEMENTOS FUNXIBLES e material necesario para o acabado, iluminación interior, tornillería, seguros, madeira, area, merchandising relacionado coa temática do evento, atrezzo dos personaxes de Nadal etc..., figurando no mesmo:

...)

- GRUPO ELECTRO STOCKS, SL, NIF B64471840, por subministros de cable e outros, por contía de 1.152,18 € IVE incluído.

Debendo figurar:

- GRUPO ELECTRO STOCKS, SL, NIF B64471840, por subministros de cable e outros, por contía de 1.394,14 € IVE incluído.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/4969

O Conservatorio Profesional de Música ven desde hai anos realizando diferentes actuacións no terreo da musicoterapia. Esta disciplina consiste na utilización de elementos da música coma o son, o ritmo, a melodía e a harmonía a través de diferentes estratexias co obxectivo de mellorar a saúde física, emocional, cognitiva e social das persoas.

A música é unha parte esencial da nosa vida cotiá e ten a capacidade de influír no noso estado de ánimo, enerxía e relacións sociais. Diversos estudos recentes sinalan que actividades con intervencións musicais ben deseñadas, particularmente aquelas que inclúen tarefas rítmicas e melódicas activas, favorecen claramente funcións executivas clave, ofrecendo ferramentas para mellorar o benestar, a expresión emocional e a confianza, potenciando un proceso educativo máis positivo.

O profesor deste centro, D. Jorge Manuel Ferreira Bellón, ten elaborado unha proposta para a impartición dun Cursiño/taller de Musicoterapia que se aachega a este informe. O Sr. Ferreira é Titulado Superior en Trompeta e, a maiores, ten un Máster Universitario en Musicoterapia.

Nestes intres existe dispoñibilidade horaria para ofertar este Cursiño que vai dirixido a nenos e nenas en idades comprendidas entre os 6 e os 12 anos. O cursiño se realizaría comezando en xaneiro e rematando en xuño 2026. Achégase a este informe o proxecto elaborado polo profesor Sr. Ferreira.

O cursiño, dependendo do alumnado interesado e as súas necesidades particulares, poderá realizarse en grupos pequenos ou ben en sesións individuais, realizándose con anterioridade á data de comezo, unha entrevista coas familias e alumno/a.

Sería convinte, tratándose dun tema especialmente sensible e sempre que sexa posible, contar co asesoramento da Concellería de Servizos Sociais.

No referente ás taxas do Cursiño de Musicoterapia, propónse un sistema similar ao Cursiño de Iniciación, no que o alumnado inscrito aboa o importe indicado na ordenanza II.4 reguladora das taxas por impartición de ensinanzas no Conservatorio Profesional de Música tal e como segue:

Grao Elemental (xa que coincide a franxa de idade)

“Materias pendentes e Servicios xerais”, (72,85 € + 9,80 €) ascendendo o total a aboar por cada alumno a 82,65€ para a totalidade do Cursiño.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a organización dun Cursiño de Musicoterapia dirixido a nenos e nenas entre 6 e 12 anos que teñan algún tipo de necesidade educativa de atención especial (ANEAE) e a impartir polo profesor Jorge M. Ferreira Bellón.

O Cursiño terá unha duración de seis meses (xaneiro – xuño) e, dependendo das necesidades do alumnado ao que se dirixe, poderá organizarse en sesións individuais ou ben en sesións colectivas, aboando cada un dos participantes un total de 82,65 € segundo o sinalado anteriormente.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2025/4970

A Concellería de Xuventude organiza anualmente a FESTA DA TOMA DAS UVAS, evento destinado ás familias de Vilagarcía e que pretende celebrar a entrada de xeito anticipado, implementando a oferta cultural e de ocio do noso municipio durante o período de Nadal.

Contando co patrocinio de diversas empresas, ofértanse unha serie de actividades lúdicas, á vez que se procede ao reparto de uvas, cava e gominolas a fin de celebrar de xeito anticipado a entrada do ano.

Encaixa directamente co modelo de cidade no que estamos a traballar dende o concello; un modelo dende o que se aposta pola recuperación e redefinición dos espazos públicos como lugares de interacción colectiva. Unha cidade moderna, viva, aberta; unha plataforma para a definición e extensión da nosa propia cultura, da nosa forma de entender a vida.

Vista a Proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización da acción cultural da Festa da Toma das Uvas 2025, que se realizará o día 31 de decembro de 2025, no Xardín de Ravella en horario de 11:00 a 13:30 horas, co corte de tráfico ás 10.00 h e ata as 14.00 h, así como a aprobación do orzamento para a realización das actividades polo importe de 32.202,39 € (IVE incluído), e a adxudicación dos gastos segundo o seguinte detalle:

Entidade	CIF	Enderezo	Concepto	Día	Importe	Partida
CONDETRESPÉS S.L	B70374327	Travesía de Ca- cheiras 86. Blq 1 Portal 2 Ático D. 15883 Ca- cheiras (Teo)	Presentación uvas.	31 de de- cembro	3.025 (ive do 21 % engadido)	2314 22610
Francisco Borja Santa- maría González	35598305 D	Praza Ravella 9 1A Vilagarcía de Arousa, Pontevedra 36600	Animación musical	31 de di- ciembre	209 € (ive engadido)	2314 22610
BARAFUNDAS.L.	CIF: ES- B2775640 2	Enderezo: Cami- ño do Pombal, 38 - Baixo. 36205 Vigo	Equipo animación solta de acio de globos biodegradables	31 de de- cembro	592,90 € (ive do 21 % engadido)	2314 22610
ILUMINACIONES SANTIAGUESAS	B1527935 9	A Picaraña, nave 1, 15980 Padrón	Cadro eléctrico de 32 e xenerador	31 de de- cembro	1.439,90 (ive do 21 % engadido)	2314 22610
PABLO JUEGUEN GAR- CÍA	35473888 E	Avda da Mariña, 100- 5ºA. 36600 Vilagarcía de Arousa	Retransmisión directo Toma das Uvas, creación de videos para emisión, producción ima- xen, retransmisión en directo, 6 px.	Días previos e 31 de de- cembro	3.472,7€ (ive do 21 % engadido)	926 22602
Paula Pazos Cid	35481774 L	Rúa Ramón y Cajal N 11 Bajo 2	1.500 bolsi- tas uvas de gominola	Dias previos	1.035 (ive engadido)	2314 22199
Nelson Quinteiro Roa	78734451T	Rúa Fonte do Galo, 5, 4ºD. 36940 Cangas do Morrazo. Pontevedra	Batucada, bailaríns, portadores, animadores participantes no desfile celta do sol nacente	31 de de- cembro	3.960 € (ive do 10%)	2314 22610
PRF MÚSICA CB.	E1380471 1	Rúa do Colexio, 25. Carril. 36610 Vilagarcía de Arousa	Actuación Somoza Trio	31 de de- cembro	2.178 € (ive do 10% en- gadido)	2314 22610
Servicios Integrales de Formación S.L	B7001066 5	Rúa do Bosque, 50. Bertamiráns 15220 Ames	Envasado de paquetes de uvas, persoal en posesión do curso de manipulador de alimentos, guantes e bolsas de papel de estraza	30 de de- cembro	1.754,50€ (IVE DO 21 %)	2314 22610
Global SetupS.L.U	B9411910 4	N550 Km 102. 36655 Arcos da Condesa	Sonido cobertura grupo musical, amplificación laterais e fondo, es tructuras, persoal e transporte	31 de de- cembro	10.995,19 € (ive do 21% en- gadido)	2314 22610
RICARDO GARCÍA MAURICIO	35468518 B	Avda. López Ballesteros 5 bajo 36600 Vilagarcía de Arousa	Flashmob 31 de diciembre	31 de de- cembro	423,50 € (ive do 21% en- gadido)	2314 22610
Distribuciones Froiz S.A. (Hi- per Froiz Vila- garcía)	A3603673 9	Hiper Froiz Vila- garcía	Cava Jaume Serra	Dias previos ao 31	1.587,90 (ive enga- dido)	2314 22610
Distribuciones Froiz S.A. (Hi- per Froiz Vila- garcía)	A3603673 9	Hiper Froiz Vila- garcía	Vaso cartón pequeno	Dias previos ao 31	270 € (Ive engadido)	2314 22610
Distribuciones Froiz S.A. (Hi- per Froiz Vila- garcía)	A3603673 9	Hiper Froiz Vila- garcía	Agua Fontiña 0,50	Dias previos ao 31	16,80 € (ive engadido)	2314 22610
Fernando Gimenez Abalo	35449050 R	Rúa Eduardo Pondal 8, 5ºC. 36600 Vilagarcía de Arousa	Posta en marcha do reloxo para Festa Toma das Uvas.	Dias previos ao 31	242 € (ive engadido)	2314 22610
Imprevistos	1.000 €					2314 22610

Así mesmo dáse conta de que a actividade conta cos seguintes patrocinios e colaboracións:

Entidade	concepto
CENTRO COMERCIAL AROUSA E HIPER FROIZ VILAGARCÍA DE AROUSA	350 kg de uvas e 15 cañones de confeti
TE ENDULZO (Paula Pazos Cid)	200 paquetes de gominolas
SERVICIOS INTEGRAIS DE FORMACIÓN	Colaboración co reparto de uvas e champán

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/4944

Despois de ver a conta xustificativa das axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do ano 2025 concedida a COMUNIDAD DE MONTES EN MANO COMÚN DE LOENZO

Despois de ver o informe favorable do encargado de medio ambiente e da técnica de medio ambiente.

A Goberno Local acorda:

O recoñecemento da obriga a favor da COMUNIDAD DE MONTES EN MANO COMÚN DE LOENZO polo concepto de “axudas municipais a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra incendios e protección dos montes 2025 polo importe de 10 048 euros con cargo á aplicación orzamentaria 1720-489.

Segundo a base 6ª das bases reguladoras do programa de axudas o pagamento da axuda concedida farase efectivo nun pago único logo da xustificación correspondente da realización do proxecto aprobado.... a favor da CMVMC beneficiara da axuda.

BENEFICIARIO	NIF	IMPORTE
COMUNIDAD DE MONTES EN MANO COMÚN DE LOENZO DE ARRIBA Y LOENZO DE ABAJO	V-36136430	10 048,00 €

PRP2025/4945

Despois de ver a conta xustificativa das axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do ano 2025 concedida a C.M.V.M.C. DE TRABANCA SARDIÑEIRA

Despois de ver o informe favorable do encargado do servizo e da técnica de medio ambiente.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

O recoñecemento da obriga a favor da C.M.V.M.C. DE TRABANCA SARDIÑEIRA polo concepto de “axudas municipais a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra incendios e protección dos montes 2025 polo importe de 6 498,10 €, con cargo á aplicación orzamentaria 1720-489.

Segundo a base 6ª das bases reguladoras do programa de axudas o pagamento da axuda concedida farase efectivo nun pago único logo da xustificación correspondente da realización do proxecto aprobado.... a favor da CMVMC beneficiara da axuda.

BENEFICIARIO	NIF	IMPORTE
C.M.V.M.C. DE TRABANCA SARDIÑEIRA	V36103125	6 498,10 €

PRP2025/4946

Despois de ver a conta xustificativa das axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do ano 2025 concedida a CMMVVMC N 3000 BAMIO

Despois de ver o informe favorable do encargado do servizo e da técnica de medio ambiente.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

O recoñecemento da obriga a favor da CMMVVMC N 3000 BAMIO polo concepto de “axudas municipais a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra incendios e protección dos montes 2025 polo importe de 7 000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 1720-489.

Segundo a base 6ª das bases reguladoras do programa de axudas o pagamento da axuda concedida farase efectivo nun pago único logo da xustificación correspondente da realización do proxecto aprobado.... a favor da CMVMC beneficiara da axuda

BENEFICIARIA	NIF	IMPORTE
CMMVVMC N3000 BAMIO	V-36116168	7 000 €

PRP2025/4955

Despois de ver a conta xustificativa das axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do ano 2025 concedida a CDAD DE MONTES EN MAN COMUN PARROQUIA DE RUBIANS.

Despois de ver o informe favorable do encargado do servizo e da técnica de medio ambiente.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

O recoñecemento da obriga a favor da CDAD DE MONTES EN MAN COMUN PARROQUIA DE RUBIANS polo concepto de “axudas municipais a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra incendios e protección dos montes 2025 polo importe de 9.545,90 €, con cargo á aplicación orzamentaria 1720-489.

Segundo a base 6ª das bases reguladoras do programa de axudas o pagamento da axuda concedida farase efectivo nun pago único logo da xustificación correspondente da realización do proxecto aprobado.... a favor da CMVMC beneficiara da axuda

BENEFICIARIO	NIF	IMPORTE
CDAD DE MONTES EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE RUBIÁNS	V-36532927	9.545,90 €

PRP2025/4982

Visto o convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Asociación Protectora de animais de Vilagarcía de Arousa para o uso da instalación denominada refuxio de animais domésticos en Pinar do rei (Canceira) e para a aplicación do protocolo CES nas colonias felinas existentes no término municipal de Vilagarcía de Arousa asinado o 20 de outubro de 2022 cun período de vixencia de catro anos.

Visto os informes dos servizos municipais de emerxencias e medio ambiente

A Xunta de Goberno Local acorda:

A autorización e compromiso do gasto e recoñecemento da obriga a favor da ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMALES DE VILAGARCÍA CIF: G-36252351, polo concepto de “convenio de colaboración para a xestión do refuxio de animais domésticos de Pinar do Rei (canceira) e para a aplicación do protocolo CES nas colonias felinas sitas no término municipal de Vilagarcía de Arousa” no exercicio 2025 por importe de trinta mil euros (30.000 €) con cargo á partida orzamentaria 311-48404.

CULTURA

PRP2025/4987

Vista a solicitude de D. Daniel Espiño Otero, Cura Párroco de Sobradelo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración do Festival de Panxoliñas na Igrexa de Sobradelo, o día 20 de decembro de 2025:

- Actuación da Asociación Cultural Coral de Sobradelo por un importe de 391,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comúnicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/4988

Vista a solicitude de Dona Maria Mercedes Lourdes Duran Pereira, en representación do Gato Negro de Carril e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración de actos de Nadal en Carril, o día 21 de decembro de 2025:

- Actuación da Asociación Cultural Malveiras por un importe de 391,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/4989

Dentro das actividades programadas no mes de novembro, estaba o acto de prendido das luces de nadal o sábado 29, que se levou a cabo na contorna da Praza de Galicia.

Esta actividade, tiña previsto desenvolverse ao aire libre, e debido as causas climatolóxicas que este ano 2025, foi necesario o aluguer dunha carpa para instalar na Praza de Galicia, para un bo desenvolvemento da actividade e que os/as nenos/as gozaran con ilusión e ledicia da presenza de Papá Noel, sen ter que mollarse.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda convalidar o gasto e polo tanto, adxudicar o contrato menor para a aluguer dunha carpa para o acto de Prendido de luces de Nadal na Praza de Galicia á Empresa Carpas Pontevedra SI, CIF B94077633, por un importe total de 2.420,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 338.203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/5023

Un ano máis, a Concellería de Cultura, organiza e prepara, para facer vivir unha xornada máxica os/as nenos/as actividades culturais de nadal e o xa tradicional Desfile de Cabalgata de Reis 2026 que se levará a cabo o vindeiro día 5 de xaneiro a partir das 19:00 hs., que como ven sendo habitual, percorrera distintas rúas de Vilagarcía.

Este desfile é un dos actos de maior relevancia do Nadal que atrae a multitude de público, tanto para nenos/as como malo res . Este numeroso público que ese día visita o noso pobo, repercute tanto no comercio local como na hostalaría.

Nel participan distintas asociacións culturais e veciñais e distintas ANPAS, un total aproximado de 600 persoas colaborando, así como os paxes (aproximadamente 80 nenos/as) que acompañan aos Reis Magos ñas súas carrozas como na de agasallos.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento estimativo correspondente ao gasto de DESFILE DE CABALGATA DOS REIS MAGOS 2026 polo importe de 17.814,91 €, distribuído o gasto imputable en o ano 2025 por importe 15.734,81 € e gasto imputable o ano 2026 por importe de 2.080,00€, así como a adxudicación a cada unha das entidades que a seguir se indican, polos conceptos e importes que se detallan:

Con cargo ao orzamento de 2025:

Nº Operación	Fase	Fecha	Anualidade	Aplicación	Importe	Expediente	Terceiro	Nome Ter.	Texto Libre
920250011556	AD	17/12/2025	2025	2025 334 22609	10.442,30 €	2/ CULT25_14 3	35463322J	FONTAN CAEIRO, BEGONIA	ADX. SERV DE RENOVACIÓN, LIMPEZA, PREPARACIÓN E MANTEMENTO DE TRAXES PARA PAXES E REIS MAGOS. CABALGATA REIS 2026
920250011557	AD	17/12/2025	2025	2025 334 22609	2.640,00 €	2/ CULT25J43	B32007346	DISTRIBUCIONES E. CARBALLO,	ADX. SUBMINISTRACIÓN CAMELOS BLANDOS DE

								S.L.	FRUTAS BOLSA 2 KG. CABALGATA DE REIS 2026.
920250011558	AD	17/12/2025	2025	2025 334 22609	2.051,50 €	2/ CULT25,,143	B01654847	STLS SUMINISTO S SL	ADX. SUBMINISTRACIÓN 500 CARAMELOS GOMINOLA JELLY ROSHEN
920250011592	AD	17/12/2025	2025	2025 334 22609	476,01 €	2/ CULT25_143	35449729J	GALBAN ZARAGOZA, CARLOS	ADX. SUBMINISTROS DE 4 BOMBOS INFANTILES Y 4 CAJAS INFANTILES JIM BAO
920250011605	AD	17/12/2025	2025	2025 334 224	125,00 €	2/ CULT25,,143	V48083521	SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FUA	ADX. SERVIZO SEGURO POLIZA ACCIDENTES PARTICIPANTES CARROZAS CABALGATA DE REIS 2026
				TOTAL	15.734,81 €				

Con cargo ao orzamento de 2026:

Nº Operación	Fase	Fecha	Anualidade	Aplicación	Importe	Expediente	Terceiro	Nome Ter.	Texto Libre
920259000115	AD	17/12/2025	2026	2025 338 22199	800 €	2/ CULT25JL43	B36010775	CUIÑA, S.L.	ADX. ALUGUER DE AUTOBÚS HISTÓRICO PARA CABALGATA REIS 2026
920259000116	AD	17/12/2025	2026	2025 334 22609	880 €	2/ CULT25JL43	X8223444R	GONZALEZ CHEMENDEZ, YOAN	ADX. SERVIZO CATERING PARA UNHA ESTIMACIÓN DE 50 PERSOAS NA CABALGATA REIS 2026
920259000117	A	17/12/2025	2026	2025 338 22199	400 €	2/ CULT25,,143			GASTOS ESTIMADOS PARA IMPREVISTOS CABALGATA REIS 2026
				TOTAL	2.080 €				

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/5024

En X.G.L. na sesión que tivo lugar o día 11 de agosto de 2025, deuse conta do convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a xestión da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios, para o segundo semestre de 2025.

O custe total das actividades ascende a cantidade de 17.450,00€ sufragado coas seguintes achegas:

- AGADIC - 8.725,00€ (50%)
- CONCELLO DE VILAGARCÍA: 8.725,00€ (50%)

O pasado día 28 de novembro de 2025, a través do rexistro electrónico da Xunta de Galicia, presentase (2025/3313018) a xustificación do convenio, conforme a estipulación QUINTA do convenio: “XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO” coa seguinte documentación:

- Conta xustificativa dos gastos realizados conforme ao establecido no convenio.
- Informe do responsable da programación de que actividade se desenvolveu de acordo co establecido no convenio.
- Copia de material de difusión e promoción

Dase conta á Xunta de Goberno Local da Resolución da Axencia Galega das Industrias Culturais, Lingua e Xuventude (Convenio de Colaboración para a xestión da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios do segundo semestre de 2025, pola que se resolve “ Recoñecer a obriga e ordenar o pagamento da cantidade de 8.725,00€ en favor do Concello de Vilagarcía de Arousa, correspondente o importe comprometido ao abeiro do citado convenio de colaboración”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/5040

O convenio regulador para a celebración da Programación Regular e da tradicional Semana do Cine, durante o 2025, foi aprobado na Xunta de Goberno Local do 24 de novembro de 2025, por

un importe total de 4.000,00 €.- con cargo á partida 334.489 que ten por obxecto a colaboración coa Programación Regular e a tradicional Semana de Cine 2025.

Coa data de 9 de decembro de 2025 deuse conta á Xunta de Goberno Local da sinatura do convenio polas partes o 28 de novembro de 2025.

Dáse conta dos xustificantes de gastos presentados pola Asociación Cine Club Ádega, en relación co Convenio asinado para o exercizo 2025, e vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Dar por xustificado, desde o punto de vista técnico do Departamento de Cultura, o convenio asinado coa ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO CINE CLUBÁDEGA, sen prexuízo do ditaminado pola Intervención Municipal

Segundo: proceder ao aboamento dos 4.000,00€.- (CATRO MIL EUROS) da partida 334.489 correspondente ao Orzamento Municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2025/5002

Visto que foi detectada, polos servizos municipais, a existencia de varios tramos con gretas e deficiencias na estabilidade dos muros de cerramento exterior dos campos de fútbol de A Pelada en Faxilde e de Vilaxoán, faise necesario levar a cabo as actuacións precisas para lograr a súa reposición.

Co obxectivo de describir e definir estas actuacións, foi redactado proxecto técnico polo arquitecto municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña.

De conformidade co mesmo, as obras a realizar, que se atopan en terreos de titularidade municipal, consisten en tarefas de mellora e conservación das devanditas instalacións deportivas municipais. En resumo, as obras consisten en:

- No Campo de Vilaxoán:

- Demolición dos tramos de muro existente deteriorados, con carga en contenedor de residuos e traslado en camión e entrega a xestor autorizado.
- Ampliación de muro existente de formigón armado.
- Reposición de muro de cerramento con bloque oco prefabricado de formigón, color gris de 20 cm de espesor, Resistencia R10 e altura 2 m, con zunchos de formigón, p.p de pilastras intermedias, e armadura de aceiro B 500 S.
- Pintado do muro pola cara interior ao campo de fútbol de color a decidir pola dirección facultativa.

- No Campo da Pelada, en Faxilde:

- Demolición dos tramos de muro existente deteriorados, con carga en contenedor de residuos e traslado en camión e entrega a xestor autorizado.
- Execución de elementos de cimentación de formigón e armadura de aceiro B 500 S.
- Reposición de muro de cerramento con bloque oco prefabricado de formigón, color gris de 20 cm de espesor, Resistencia R10 e altura 2 m, con p.p de pilastras intermedias, e armadura de aceiro B 500 S.
- Pintado do muro pola cara interior ao campo de fútbol de color negro en Faxilde, similar ao actual.
- Ampliación da actual cuberta do graderío con estrutura metálica e acabado similar ao actualmente existente.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 3 de outubro de 2025, BOPPO nº 189, publica as bases reguladoras e convocatoria do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, coa finalidade de activar unha convocatoria de subvencións que permita aos concellos interesados manter a disposición de financiamento para acometer actuacións de modernización e mellora das infraestruturas deportivas xa existentes, así como novas construcións, equipamentos ou instalacións.

Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 7 de outubro de 2025, relativa á aprobación do repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello da provincia e

indicación do importe máximo de subvención ao que pode optar cada concello ao abeiro do citado III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, que dispón para o concello de Vilagarcía un importe total máximo de 312.440,44 €.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar proxecto técnico, redactado polo arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, denominado “Reposición de muros de cerramento en Campos de Fútbol municipais de A Pelada e Vilaxoán”, cun orzamento de 100.944,99€ (IVE engadido).

2.- O investimento relativo á reposición de muros de cerramento en Campos de Fútbol municipais de A Pelada e Vilaxoán, encádrase no exercicio das competencias municipais, de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 25.2.I e 26.1); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus artigos 80.2.n) e 81.c) e na Lei 3/2012, de 2 de abril, de deporte de Galicia (artigo 8).

3.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, a cantidade de 100.944,99€, para financiar o investimento “Reposición de muros de cerramento en Campos de Fútbol municipais de A Pelada e Vilaxoán”.

PRP2025/5001

O pavillón polideportivo de Fontecarmoa foi obxecto dunha profunda remodelación, principalmente na súa cuberta, instalacións e envolvente, así como nos vestiarios e pista polideportiva, converténdose nun espazo moderno e funcional para a práctica deportiva.

Coa intención de elevar a calidade das competicións que se levan a cabo na mesma, preténdese a adquisición dun vídeo marcador de pista, o cal pode ser usado como marcador ou como pantalla para publicidade, mellorárase a experiencia dos espectadores e a imaxe do Concello ante os mesmos, xa que permitirá mostrar información relevante de maneira clara e atractiva, como o marcador do encontro, pero tamén estatísticas, ou publicidade, fomentando un ambiente máis dinámico durante os eventos. A posibilidade de incluír contido interactivo, como enquisas ou mensaxes de apoio a os equipo locais, pode aumentar a participación do público e crear un ambiente máis animado.

O obxecto do contrato é a subministración de un vídeo marcador de pista, dividido en 3 pantallas led, unha para a parte central de a lo menos 3,80 metros e dous laterais de a lo menos 5,70 metros cada unha, con protección para poder ser empregadas no exterior.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 3 de outubro de 2025, BOPPO nº 189, publica as bases reguladoras e convocatoria do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, coa finalidade de activar unha convocatoria de subvencións que permita aos concellos interesados manter a disposición de financiamento para acometer actuacións de modernización e mellora das infraestruturas deportivas xa existentes, así como novas construcións, equipamentos ou instalacións.

Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 7 de outubro de 2025, relativa á aprobación do repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello da provincia e indicación do importe máximo de subvención ao que pode optar cada concello ao abeiro do citado III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, que dispón para o concello de Vilagarcía un importe total máximo de 312.440,44 €.

Visto o importe total dos investimentos que se reflicten no cadro que se indica a continuación, é precisa unha aportación municipal para a actuación denominada “Subministración dun vídeo marcador de pista para o pavillón municipal Sara Gómez – Fontecarmoa I” dun importe de 375,55€:

Denominación do investimento	Importe investimentos
Subministración dunha caseta para o estadio de atletismo	6.655,00€
Subministración e instalación de dous banquillos para o campo de fútbol municipal Manuel Jiménez Abalo do concello de Vilagarcía de Arousa	6.050,00 €
Substitución de luminarias por tecnoloxía LED en instalacións deportivas	181.258,00€
Reposición de muros de cerramento en Campos de Fútbol municipais de A Pelada e Vilaxoán	100.944,99€
Subministración dun marcado de pista para o pavillón municipal Sara Gómez – Fontecarmoa I	17.908,00 €
IMPORTE TOTAL INVESTIMENTOS	312.815,99 €
Importe total do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas concedido ao concello de Vilagarcía de Arousa	312.440,44 €

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para a “Subministración dun vídeo marcador de pista para o pavillón municipal Sara Gómez – Fontecarmoa I”, redactado polo Director de actividades deportivas, don Juan Miguel Doval Blanco, cun orzamento de 17.908,00 € (IVE engadido).
- 2.- O investimento relativo á subministración dun vídeo marcador de pista para o pavillón municipal Sara Gómez – Fontecarmoa I encádrase no exercicio das competencias municipais, de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 25.2.l e 26.1); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus artigos 80.2.n) e 81.c) e na Lei 3/2012, de 2 de abril, de deporte de Galicia (artigo 8).
- 3.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, ao abeiro do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, a cantidade de 17.532,45€, para financiar o investimento “Subministración dun vídeo marcador de pista para o pavillón municipal Sara Gómez – Fontecarmoa I”.
- 4.- O concello de Vilagarcía de Arousa comprométese a dotar unha achega municipal por importe de 375,55€ para a financiación do investimento denominado “Subministración dun vídeo marcador de pista para o pavillón municipal Sara Gómez – Fontecarmoa I”, no exercicio 2026, ano no que se executarán os investimentos do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.

PRP2025/4986

O Estadio de atletismo é unha instalación de titularidade municipal, na que se desenvolven adestramentos e competicións oficiais de carácter autonómico e nacional polos clubs Os Ingleses Rugby Club e Agrupación Atlética Mazí, así como diversos torneos de carácter autonómico, nacional e internacional de diferentes categorías e disciplinas como rugby, fútbol e atletismo.

Recentemente levouse a cabo unha actuación integral de mellora da pista de atletismo que supuxo, entre outras intervencións, o cambio da zona de saltos de lonxitude, o cambio da iluminación a led, a adquisición dunha nova zona de caída de salto con pértega, o arranxo dun tramo de 50m na recta de meta ou o marcaxe de todas as liñas regulamentarias, co obxectivo de posibilitar unha nova homologación oficial da instalación. Estas actuacións supoñen unha mellora substancial das condicións técnicas da pista e unha aposta municipal pola celebración de competicións oficiais e eventos deportivos de carácter autonómico.

Non obstante, o estadio dispón dun almacén que presenta problemas estruturais de filtracións de auga, circunstancia que provoca a entrada de humidade e o conseguinte deterioro do material almacenado.

A inexistencia dun espazo de almacenamento estanco e seguro supón:

- Risco de deterioro do material deportivo, incluído aquel específico para atletismo adaptado, cuxas características requiren especiais condicións de conservación.
- Incumprimento das condicións mínimas de calidade, seguridade e accesibilidade esixidas nas competicións autonómicas e oficiais, especialmente no ámbito do deporte adaptado.
- Prexuízo para a correcta utilización dunha instalación deportiva pública de uso intensivo.

Co presente investimento preténdese solucionar estes problemas mediante a adquisición dunha caseta prefabricada tipo almacén, ante a imposibilidade técnica e económica de reparar definitivamente o almacén existente.

O obxecto do contrato é a subministración de 1 caseta diáfana de 6 m. X 2,35 m par ao estadio de atletismo. O obxectivo técnico que se pretende alcanzar é dotar ao Estadio de Atletismo dunha caseta para ser usada como almacén polo tanto, e a súa correcta instalación.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 3 de outubro de 2025, BOPPO nº 189, publica as bases reguladoras e convocatoria do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, coa finalidade de activar unha convocatoria de subvencións que permita aos concellos interesados manter a disposición de financiamento para acometer actuacións de modernización e mellora das infraestruturas deportivas xa existentes, así como novas construcións, equipamentos ou

instalacións.

Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 7 de outubro de 2025, relativa á aprobación do repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello da provincia e indicación do importe máximo de subvención ao que pode optar cada concello ao abeiro do citado III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, que dispón para o concello de Vilagarcía un importe total máximo de 312.440,44 €.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para a “SUBMINISTRACIÓN DUNHA CASETA PARA O ESTADIO DE ATLETISMO”, redactado polo Director de actividades deportivas, don Juan Miguel Doval Blanco, cun orzamento de 6.655,00 € (IVE engadido).
- 2.- O investimento relativo á subministración dunha caseta para o Estadio de Atletismo encádrase no exercicio das competencias municipais, de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (artigos 25.2.l e 26.1); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus artigos 80.2.n) e 81.c) e na Lei 3/2012, de 2 de abril, de deporte de Galicia (artigo 8).
